

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 8 de outubro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 - ZONA C". (Expte.- 2020018999).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2020 aprobou o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado das "Obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 - ZONA C". O anuncio de licitación publicouse 29/07/2020 no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión de data 20 de agosto de 2020 procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e propostas avaliáveis mediante criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, trasladando a documentación técnica descargada dos Sobres "A", ao servizo de Infraestruturas e Vías e Obras, ao obxecto de que dende o mesmo se avaliaran e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen neste procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación administrativa, as empresas admitidas foron as seguintes:

- Construcciones Taboada y Ramos SL
- Narom SL
- Construcciones Ponciano Nieto SL
- Construcciones Enrique C.Casas SL
- Fco Gómez y Cia SL
- Explotaciones Gallegas SL
- UTE Alvac SA- Opain SL
- Misturas SA
- Construcciones Fечи SLU
- Construcciones Obras y Viales SA
- Marconsa



A documentación técnica descargada dos Sobres "A", trasladouse ao servizo de Infraestruturas e Vías e Obras, ao obxecto de que dende o mesmo se avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen neste procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, emitiu informe en data 14/09/2020 relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| LICITADORES | VALORACIÓN SOBRE A |
|--------------------------------------|--------------------|
| MISTURAS, S.A. | 15 |
| EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. | 21 |
| NAROM, S.L. | 24 |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. | 24 |
| MARCONSA | 24 |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 24 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 23 |
| UTE ALVAC, S.A.-OPAIM, S.L. | 13 |
| FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. | 21 |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 20 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | 10 |

A Mesa de Contratación na reunión de data 17/09/2020 acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

O Secretario informa que a empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. non alcanzou un mínimo do 50% (12,50) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, polo que de conformidade co PCAP que rexe nesta contratación non continuou neste procedemento.

A Mesa de Contratación na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | OFERTA ECONOMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO GARANTIA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|------------------------------|------------------|------------------|----------------|-----------------|------------------|
| MISTURAS, S.A. | 750.526,00 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. | 779.290,91 € | 3% | 36 MESES | NO | NO |



| | | | | | |
|--------------------------------------|--------------|----|----------|----|----|
| NAROM, S.L. | 817.267,23 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. | 750.064,15 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MARCONSA | 762.560,59 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 732.661,69 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. | 917.238,75 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| UTE ALVAC, S.A.-OPAIM, S.L. | 828.192,04 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. | 768.869,42 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 769.688,18 € | 3% | 36 MESES | NO | SI |

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas tendo en conta que segundo a documentación administrativa aportada, as empresas Explotaciones Gallegas, S.L. y Francisco Gómez y Cía, S.L., pertencen o mesmo grupo empresarial. Aplicando os criterios establecidos no artigo 149.3 da Lei 39/2017 e no prego de cláusulas económico-administrativas, a Mesa de Contratación detecta que as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., MISTURAS, S.A., MARCONSA E CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de setembro de 2020 tamén acordou requirir ás citadas empresas para que xustificaran a súa oferta e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñían para executar este contrato.

Rematado o prazo, á empresa MARCONSA, non atendeu ó requirimento, polo que debe ser excluída do procedemento ó non xustificar a súa oferta.

A xustificación das ofertas presentadas polas empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., MISTURAS, S.A. e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., foron trasladadas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a efectos de valoralas.

Con data 30/09/2020 emitiu informes respectivos o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo que as ofertas presentadas por CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. e MISTURAS, S.A., non xustifican de forma correcta a oferta económica desproporcionada presentada polas mesmas, e non deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Con data 24/09/2020, tivo entrada escrito da empresa Construcciones E.C. CASAS, S.L., solicitando se revisen os datos da licitación, posto que ó certificado de calidade ISO 9001 que xuntou atópase en vixencia ata decembro de 2020.

Revisada novamente a documentación a Mesa de Contratación observa que o certificado de calidade ISO 9000, presentado pola empresa E.C. CASAS, S.L., atópase



en vigor e polo tanto debe de terse en conta á hora de facer a valoración da súa oferta económica.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 8 de outubro de 2020, procedeu á efectuar novamente a valoración das citadas ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES | SOBRE B | | | |
|---------------------------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------|
| | VALORACIÓN ECONOMICA | PRAZO DE GARANTIA | CONTROL CALIDADE | UNE-EN 9001/14001 |
| FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. | 52,286 | 5 | 5 | 5 |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 52,029 | 5 | 5 | 5 |
| EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. | 49,003 | 5 | 5 | 0 |
| NAROM, S.L. | 36,929 | 5 | 5 | 5 |
| UTE ALVAC, S.A.-OPAIM, S.L. | 33,208 | 5 | 5 | 5 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. | 2,870 | 5 | 5 | 5 |

A Mesa de Contratación acorda,

1. Correxir o erro detectado nos valores ofertados pola empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 17/09/2020, concretamente no referente ó certificado de calidade ISO 9001, aportado pola mesma, dando o mesmo por válido, debendo quedar da seguinte forma:

| LICITADORES | OFERTA ECONOMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO GARANTIA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
|---------------------------------|------------------|------------------|----------------|-----------------|------------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 769.688,18 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |

2. Propor ó Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. por non alcanzar un mínimo do 50% (12,50 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, exixida no Anexo III do PCAP. Así mesmo propor a exclusión das ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., MISTURAS, S.A., MARCONSA E CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., pois as ofertas que presentaron non poden ser cumpridas coma consecuencia de valores anormais ou desproporcionados, presumindo polo tanto que non poden cumprir o contrato.
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución das “Obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 - ZONA C”, que queda da seguinte forma:



| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACION SOBRE "A" | PUNTUACIÓN SOBRE "B" | PUNTUACION TOTAL |
|----------|---------------------------------|----------------------|----------------------|------------------|
| 1 | FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. | 21,00 | 67,29 | 88,29 |
| 2 | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 20,00 | 67,03 | 87,03 |
| 3 | EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. | 21,00 | 59,00 | 80,00 |
| 4 | NAROM, S.L. | 24,00 | 51,93 | 75,93 |
| 5 | UTE ALVAC, S.A.-OPAIM, S.L. | 13,00 | 48,21 | 61,21 |
| 6 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. | 23,00 | 17,87 | 40,87 |

4. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das "Obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 - ZONA C", á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 768.869,42 €
 IVE (21%) 161.462,58 €
 Importe Total 930.332,00 €

Así mesmo figura na oferta un prazo de garantía ofertado de 36 meses e unha porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade do 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. (CIF B-15009533), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, estando debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para poder formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

5. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Francisco Gomez y Cía., S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.
 - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 38.443,47 €.

É para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

